

Leite seleccionado
adicionado de leite en po
reconstituído
enteiro
pasteurizado
homoxeneizado



JL Ducid | Estibaliz Espinosa | Samuel L. París

José Luis Ducid

**LEITE SELECCIONADO
ADICIONADO DE LEITE EN PO
RECONSTITUÍDO
ENTEIRO
PASTEURIZADO
HOMOXENEIZADO**

**LEITE SELECCIONADO
ADICIONADO DE LEITE EN PO
RECONSTITUÍDO
ENTEIRO
PASTEURIZADO
HOMOXENEIZADO**

José Luis Ducid

JL Ducid | Estíbaliz Espinosa | Samuel L. París

**Tradución a galego de
Estíbaliz Espinosa
e Samuel L. París
2011**

***Leite seleccionado
adicionado de leite en po
reconstituído
enteiro
pasteurizado
homoxeneizado***

de José Luis Ducid

na tradución de
Estíbaliz... Espinosa Río
e Samuel L. París
ten unha licencia



Portada de E...E Río
Foto do autor de Eduardo Castro Bal

De lactum natura

O LEITE

Unha mañá mitolóxica calquera, Hera retiroulle a mamila a Hércules bebé, fillo de Zeus con outra, e de aí a Vía Láctea: do cabreo dunha enganada aleitando. A palabra *galaxia* é unha mutación de *galaktos*, «leite» en grego. En que pensaban estes gregos? Que vivimos bañadas en leite, como Cleopatras perdidas? A etimoloxía ten cada cousa.

E os usos da lingua non digamos: na península ibérica o leite serve para enxalzar ou para defecar nela cando nos queremos malsoantes. Expresa velocidade e sopapos. Tipos de dentes e tipos de irmáns. Facemos leite e deleite de calquera cousa: améndoas, cabras, cabróns, fritido, arroz, temos leite de alpiste e de magnesias...

Si, dá para moito. *Es la leche*.

A Galicia, o leite tróuxonos sopas e supercotas, flúe no sistema venoso da nosa rede de autoestradas e de algo ao que, non sen reservas, poderíamos chamar *industria*. Puteada, pero industria. Se a vaca é o tótem, ao leite correspóndelle o papel da nosa *eau vitale*, a droga nacional. Debemos abandonala, din agora os nutricionistas, ningún animal bébea máis aló da lactancia, produce gases, non sintetizamos correctamente o seu azucre, non é *natural*. Coma se algo o fose. E coma se a natureza nos garantise algo máis alá de si mesma. E coma se fosemos adultos! Levamos milenios prolongando a infancia. *Sapiens* neste planeta significa mamar o que se poida.

As vacas, primeiro fogar do leite, como seres vivos suxeitos a metabolismo tamén emiten gases e un país enormemente gaseado polas súas vacas é Arxentina, a patria -matria- desa famosa rella ao lume con carne de vacún *al dente*: si, por suposto, falo da *parrilla*.

Pero non viñemos aquí de churrascada con vaso de tubo de *larsa*. Ou si. O leite é unha escusa. Funciona só como título: inmensamente longo, pero só un título. Seguimos o seu regueiro para chegarmos a outro lugar.

DANDO LECHES

Un fino encaixe como de filloa de leite atravesada a cicatriz da dorsal mesoatlántica, os alisios, naufraxios e fósiles aprisionados na cortiza terrestre para unir o Buenos Aires querido coa Miña Terra galega. Non só un encaixe evidente en Centros Galegos, traballadores arxentinos que regresan á terra dos pais e logo retornan con présas á súa, Manolito o de Mafalda, barrio de San Telmo, mesóns gauchos, chistes a moreas, doces de leite, o xentilicio «galego» elevado -ou rebaixado- a sinécdoque de «español» ou unha chea de dentistas, xinecólogas, contraibaxistas, contistas ou taxistas a este lado do Atlántico norte.

Durante todo o século XX Arxentina e Galicia fixéronse a unha apéndice da outra, as mesmas franxas azuis fervidas nunha bandeira leitosa. O «Leite seleccionado adicionado de leite en po reconstituído enteiro pasteurizado homoxeneizado» de J. L. Ducid, no entanto, non xoga a este xadrez sociopolítico nin a irmandade ningunha: muxiuse antes de que o seu autor se instalase na Coruña, así que o seu pasto consistiu en herba urbana e ríspeta dunha cidade do sur, cidade na que se traballa, se súa, se fode e se devora sen prestar moita atención ao requeixo saudoso dos devanceiros labregos do norte.

Un Ducid vintaneiro e sen pasteurizar de finais dos anos 90 sérvenos - véndenos- poemas co seu callo aínda, o seu punto acedo de sarcasmo, ben adicionados co po do realismo. A *vía crucis* e láctea deste libro transcorre en espazos pouco bucólicos e sen moito merengue. Textos nos que a xente morre vomitando crema. Poemas indi...blurp...xestos.

Quedounos claro, o *Leite* de Ducid non é cousa das vacas: o seu pai galego tratou de debuxarlle unha e saíulle outro animal. De onde, logo? Neste libro o leite apunta directamente ao **envase**: á civilización mediocre envasada en mercantilismo, á «mala leche» dun mozo en Bos Aires e as súas arroutadas sexuais e galácticas, o seu horror ao ser humano á grella, empaquetado, industrial, laboral, puntual, de serie, á súa carne leitosa que se acartona coma un xornal vello, o cóctel agridoce de quen se conta a si mesmo sen andrómenas cando cre ser -e o é- *la leche*.

Ducid desdobra o seu eu poético até armar un *tetra-brik* cunha fábula sobre un traballador calquera nunha empresa de deussabequé. As máximas requentadas do marketing oitenteiro [a boa presenza, a dicción, a puntualidade...] remexen coa vida íntima nun escumoso batido, con algo de alcohol, esperma e sumidoiro.

Hai aquí máis Latinoamérica que Pedrafita, máis Chés que Seoanes ou Castelaos. Non sabe isto a doce de exilio, o exilio de Ducid veu máis tarde, e outros libros do mesmo autor [*TAN GO-gO Tán*, *ALMAAQUE*] fermentaron aquí: no anaco de terra que dende a ISS semella unha monstruosa ubre tripla. Ga-li-cia. Sabemos que neste libro o leite non é unha metáfora da lareira ou a leira perdidas. Non simboliza nada máis que unha secreción interna, poemas envasados para o seu uso e presentados como un produto de supermercado.

Ducid é un tipo escéptico no supermercado da vida. E seica un bizarro contador de historias.

Cando anos máis tarde aterrou en Galicia [dúas veces] basicamente para romperse o corazón en tres, non deixou de escribir, compór, milonguear, radio-activar, gravar, cantar e en xeral argallar no empeño. Sempre entusiasta, *loco* porteño e raro galaico. Porque o é.

«Te confieso que practicamente nunca he leído poesía. Me aburre. A Bukowski lo conocí estando preso, recuerdo un cuento que sí me marco

"Besaste a Lili". Pero en el fondo me pareció un humorista para *teenagers* de la clase media californiana. Ey! Excelente humorista, pero demasiadas cervezas.

Yo no sabía que eso que hacía era poesía. De verdad, vivía en la absoluta miseria y vomitaba cosas así, me refiné -para peor, como es lógico- por tener roce con gente de filología... Lo cierto, [...], es que si tengo algún talento es el del montaje, secuencio bien. Me di cuenta de este don cuando aprendí a editar vídeos. El hallazgo del librito, si es que lo hay, está en lo global, cierta idea paródica de un manual para promotoras de tetra-bricks entreverada con el periplo personal del caballerito que se atreve a escribir. ("El libro" lo traje a Europa mecanografiado, sólo el original, no había fotocopias; recuerdo que después de una actuación se me acercó un señor que afirmaba tener una editorial y que si tenía algo escrito ansiaba publicarme ya... Yo, que estaba borracho, me indigné, subí a la habitación del desaparecido Hostal Colón -ubicada a pocos metros del bar dónde dejé esperando al presunto cazatalentos- y mirándolo fijamente a los ojos le entregué el original diciéndole que me dolería demasiado que lo perdiese. No lo perdió, me buscó a la semana siguiente [...] La literatura.... La poesía... Europa... En fin..)»

A TRAIZÓN

«Leche seleccionada adicionada de leche en polvo reconstituida entera, pasteurizada homogeneizada» publicouse orixinalmente na editorial Tris-Tram en 1996, en plena ebulición bukowskiana, co cadáver do poeta case quente [Charles Bukowski morreu en 1994]. Pero Ducid non é un Bukowski arxentino, como se lle presentou. O seu desleixo é propio e a súa, unha voz a buscarse.

Que un libro escrito en español de Arxentina se traduza ao galego, habitual non é. Para que, é a pregunta. A resposta é simple: por que non. Por que limitarnos a escoitar en galego unicamente textos de idiomas incomprensibles? Por que non xogar aos parecidos? Ás linguas que xogan a dicir case o mesmo, pero non? Xogar coas palabras, é inútil?

Toda a literatura é un descarado xogo coas palabras. E grazas a ela, vivimos a vida como o xogo que é.

Arxentino e galego non son o mesmo, pero en termos de lanzarse a un océano para buscarse o porvir fixéronse primos irmáns. As palabras porteñas levan máis dun século coas patas enredadas nas raíces das carballeiras. A nosa morriña cebou mate. Os tradutores deste libro vímonos envoltos en non poucas dúbidas, esperables nunha tradución entre linguas tan veciñas: que arxentinismos mantemos? como soa máis galego? ou... que soe arxentino, mellor? Se se vai entender igual!

Pero non, igual non é.

Todo aproveita. Mesmo o que o noso corpo baseado no carbono, de repente,
non tolera ben. Mesmo o indixesto. O lácteo. O efervescente.

Estíbaliz...Espinosa, 2012

O envase de cartón non afecta ao medio ambiente, arde sen restos contaminantes e é unha materia prima valiosa na recuperación da enerxía.
2 T envases= 1 T de aceite combustible

PRESENZA: É A PRIMEIRA IMAXE QUE VAI AVALIAR O POTENCIAL CONSUMIDOR DO PRODUTO. DEBE COIDALA METICULOSAMENTE EN TODOS OS SEUS DETALLES.

&

Os trens están de paro.
Se desexo chegar mañá
teño como única opción
pagar o triplo
por un asento reclinable
no ómnibus
cinco estrelas
“Século XXI”.

O aire acondicionado
comeza a pingar sobre un pelado.
O asento non reclina.
O vídeo de Rambo distorsiona.
E na metade da nada
o ómnibus detense
logo dun ataque de tose convulsa.

No hemisferio sur
na medianoite
en pleno inverno
corenta e cinco persoas
anciáns
rapaces
nais
homes
solteiras
nenos
e un pelado

empurrarán con todas as súas forzas
para que logre arrincar
o “Século XXI”.

UN BRINDE POLO BELO E O SUBLIME

Cos meus curmáns,
por exemplo,
xoguei algúns partidos
nos baldíos dos barrios pobres
onde eles medraban

porén,
Daniel,
logo da guerra,
mais antes dos 28,
apoiou o queixo
nunha recortada

e Javier,
sentado sobre a súa bicicleta vermella,
agardou
na intersección do camiño e das vías.

Do primeiro víase parte da meixela,
labios e pálpebra esquerda

ao segundo houbo que o velar a caixa tapada.

Vou tomar un Uvasal a ver se se me pasa.

&

*“... a luchar
con tesón
por el triunfo viril
del mañana,
a luchar con tesón
por el triunfo de Cristo
mi Rey...”*

Achégome ao último
de toda a procesión
e preguntolle que significa
“...triunfo viril...”
Explícame que el é novo
pero que llo podo preguntar
ao que vai diante.

ESTRABIOUSE

Coido que xamais amei a alguén
que lucise un ollo chosco.
De todos os xeitos,
vou farto de agardala.

Son as 17:45.

Dende as 17:00		
un brasileiro	quixo usarme	de guía turístico
unha promotora	“	de benfeitor
un cego	“	de lazarillo
un can pequinés	“	de árbore

compracín a todos
agás ao can pequinés.

Agora
ela acaba de chegar cun amplo sorriso
que acentúa o seu ollo desviado.
Iso lémbreme o can pequinés.

&

SLOGAN DO ÉXITO? “Deixa que a túa papila decida”

Tres meses de permanencia
como mozo dos recados
é, no meu caso,
un verdadeiro récord.
Tres meses mercando sobres
e traendo tickets.
Tres meses
mercando lapis
e traendo tickets.
Tres meses mercando gomas
e traendo tickets.

Decidín celebralo
mellorando aínda máis
a miña calidade de vida.

Contratei un carpinteiro
e puxémonos a amañar a peza.
Bo tipo.
Non sei se estaba a me contar
cómo criaba patos na súa provincia,

ou se xa ía
polo xeito de elaboraren o paté,
cando remataron os cravos.

Envieino á ferraxaría.

Ese domingo
atopei un ticket
por trinta e seis cravos.

Quedei un bo anaco
estomballado na cama,
en silencio,
a ollar para o papeliño.

GLADIADORES DO BRONX

Si, é no Bronx
e estanse dando brea os Devils vs. os Hairs
e requento o guiso na cociña
e chegan os coches-patrulla a separalos.

Ser pobre nun país rico
confíreche a vantaxe
de protagonizar aventuras estarrecedoras.

QUETZALCOATL

Dende un primeiro momento era consciente
de que existían certas incompatibilidades básicas

ela era partidaria do arroz integral
con sementes de soia
eu do filete con chourizo con ensalada

ela de nifrar
eu do viño tinto

ela críase unha deidade do vento
eu non me cría nada

e cando fodiamos- faciamos o amor
ela pedíame que lle dese *pene*,
mentres eu lle xuraba non posuír tal privilexio
aséptico.

Foi imposible aturar máis de quince días.

&

O edificio é art-déco.
O art-déco é marabilloso
durante 10'.
O edificio ao que eu debía ir
está pegado a este
e é art-nouveau.

Ninguén entra.
Ninguén sae.

Vou rumbo á terraza,
onde aposto que vive o porteiro.
O porteiro dorme,
ignórame, marchou ou morreu.

No traxecto comprendo
que é domingo
e que xa case é medianoite.
Talvez o vello
co que pasei ao hall de entrada
ía ao terceiro A
 B?
 C?
 D?
 E?

Escoito que alguén abre abaixo
mentres eu estou no terceiro.
Berro,
pero é inútil
porque pecha a porta con chave.

Agora sinto un salouco
e o CHAC! da luz
déixame ás escuras,
moi sobresaltado.

É no 5º?
Non, é no 6º.
Saio do elevador e premo o botón fosforescente.

O vello do hall
chora contra o incinerador do corredor.
Nos ollos leva o pavor de quen vai perdido.

Achégome,
confúndeme co fillo,
prégame que o axude a volver á casa.

&

PUNTUALIDADE: DEBE VOSTEDE TOMAR TODAS AS PROVIDENCIAS DO CASO PARA EVITAR DEMORAS. AS DEMORAS REITERADAS PODEN DAR LUGAR A UNHA SANCIÓN OU Á EXCLUSIÓN DO GRUPO DE PROMOTORAS.

A rapaza que vendía comigo
era unha das rapazas máis amables
que coñecín.

A rapaza que vendía comigo
foi quen me explicou cómo completar
os formularios.

A rapaza que vendía comigo
non me advertiu daquel selo verde
e da sinatura.

A rapaza que vendía comigo
tomouse a molestia de poñer ela mesma
os selos verdes e as súas sinaturas.

A rapaza que vendía comigo
ascendeu pola súa espectacular produtividade
en relación ao compañeiro.

SIC

Procúrome un segundo emprego
para completar a xornada laboral
de 17 h.

Á semana equivócome.

Na Oficina de Persoal dixeron
que teño sorte,
porque E-N-U-N-P-A-Í-S-D-E-N-S-E-R-I-O
[sic]
os brutos coma min
non teñen oportunidades.

Retírese.

&

O Candidato
pártese o cu
diante de todo o mundo
no cartel
ao longo de todo a rúa
ao ancho da cidade toda.

Claramente
vese nos seus ollos
unha bañeira con burbullas
dúas louras tinguidas
un descapotable
sen recambios no país
infinitas paisaxes de balde
no avión.

O Candidato
está á vista de todo o mundo
ao longo de todas as rúas
ao ancho de todas as cidades
escarallándose
se se quixer
un pode
auscultar con detemento
a súa ollada.

O Candidato gaña polo 51%.

RAQUEL, RAQUEL

Cabalgando sobre a miña pirola obscena
as súas mamilas
acariñábanme a boca.

Era infernal.

E a cambio deses ferretes de 50\$
só me esixía
os discos de Piazzolla,
algún debuxo,
que opinase sobre os seus poemas de rima corazón
flor
sol
Amor

Ás veces tiña que escoitalle
en qué se entretivo
durante trinta e cinco primaveras:

o padrasto regaloulle por Nadal
a súa primeira violación,
rematou o sexto grao,
ese tipo de cousas
a conformaren unha infancia.

Daquela duchabámonos.

&

O bolero encántame
porque me fai moito chiste
que á fin de namorar
tivese efecto.

O thrash-metal non me encanta
e faime moito chiste
que a fin de namorar
teña efecto.

AMÁNDOTE

No cuarto do lado
viven Sartre e Simone

coma quen di

coa variante de que son analfabetos.

Ela é criada por horas.
El é borracho.

Acompañan as súas existenciais con catro fillos
que ora choran
ora se zoscan
que ora choran porque se zoscan
que ora berran
co televisor que berra
e a nai que berra
porque el chegou e zóscaa
porque os fillos berran
e non lle deixan ver o televisor.
Ela colle unha vasoira e zóscaos
e todos choran
no televisor
cando dan a telenovela
e se poñen a dar polo cu

diante de todos
dentro da pantalla
e eles quéntanse
e danse polo cu en vivo diante dos fillos
e fronte ao televisor onde agora se zoscan

ah!... os matrimonios malditos

Sartre e Simone
Bowles e sra.
coma quen di.

Ela é criada
por horas el é borracho

no cuarto do lado
acompañan as súas existencias con catro fillos
que agora choran.

&

Aqueles cativos algo celebran.
Son unha rolada ao coidado de dúas nais
no inmenso centro comercial.
Seguramente un aniversario.
Abofé.

Évos unha tarde espléndida para videoxogos
(5 fichas) x (29 nenos).
As nais non xogan.
Devecen por ver os escaparates de roupa fucsia
mais sonvos nais
e o centro comercial évos inmenso
e eles son só vinte e nove rapaces
entretidos en fusilar vietcongs.

As fichas esgótanse axiña.
Os rapaces comezan a rifar.
As nais sepáranos
e explícanlles que o aniversario
é FELIZ,
mais non abonda,
daquela apelan ao (5) x (29)
e o estúpido pobo vietnamita
sae a morrer ao campo de batalla.

KIKA TROJER

É insinuante, sempre espontánea, mediterránea da cabeza aos pés. Ten vinte e dous anos, un ollar fogoso, andar arrogante... e os seus 92-63-92 son coma os límites dun imán altamente cargado de erotismo. A Kika Trojer, Top Model Supercotizada Internacionalmente, gústanlle a aventura, os deportes de risco e vivir a vida sen máis control que o que ela mesma se impón. Aprendeu moi rápido.

Teño a mesma idade que Kika Trojer.

SITUACIÓNS X QUE ME PRODUCEN UNHA FELICIDADE X

X

Á hora punta,
á saída do metro,
no medio do torrente humano,
tropecei cun paifoco
que pasei meses sen ver
porque se mudara.
Prometo incendiarlle a súa casa nova
e estende un cheque
—con fondos—
polo 100% do total
que me debía.

XX

Sufro unha molestia.
Vou defecar
e expido un pelo louro
que engarza anaquiños de excrementos
coma doas de rosario.
Observo ese pelo
cunha atención infinita.
Non se trata dun pelo púbico ou axilar.
Tampouco lembro fagocitar
a unha loura de pelo longo.

XXX

Meu irmán dubida;
postergando o casamento.

XXXX

Aquel home con gabardina branca
tráeme saudades de Humphrey Bogart.
Outra vez a treboada,
e corro cara a
CÓMODOS PLANS DE FINANCIAMENTO!

ATRÉVASE!
O MELLOR EN ARTIGOS PARA O FOGAR!
Ao abrigo violáceo
do todo, os neóns, e 30 televisores acesos,
Casablanca.
Casablanca sen audio.
Casablanca coloreada por ordenador.
Casablanca na beirarrúa.
Casablanca de agasallo.
Casablanca, Sam.

JESSICA RABBIT

As rubias
cando están boas, están boas;
cando están malas, están comigo.

Si, é certo,
non son Glenn Ford.

Así que ela
completou axilmente o cuestionario
signo zodiacal/bandas preferidas/discotecas
e convidoume á súa humilde morada,
o cal mellora ata o hándicap
de Frankenstein.

No cuarto dos pais
pediume que lla metese a modo,
porque había menos de vinte días do aborto.

Resultoume pouco erótico
e bastante idiota,
existindo os condóns dende principios de século
e as pastillas dende os Beatles

malia que era menos erótico
e moito máis idiota
privarme de acabar dentro.

O triste foi confirmar que era tinguída.

&

Na praia do case coma se
soa unha banda de rockabilly
case coma se

cantase Bill Haley
e case coma se
fose un filme,
os alegres rapaces
exclaman: uuuuh!
e bailan case coma se
desen reviravoltas.
Mesmo
un mozo audaz
sobe ao capó do jeep amarelo
case coma se
non lle importase nada
mais baixa de contado
case coma se o vise
papá.

&

Meu pai naceu hai dous mil anos
en Galiza.
Cunha vaca araban a leira.
Coñeceu o futuro nun pesqueiro noruegués
e encallou entre os peitos da miña nai
fronte estas praias
gobernadas por aprendices de Xral. Franco.

Se a meu pai lle pides que che debuxe unha vaca,
a súa grande masa muscular ténsase,
a súa ancha fronte exsuda,
as súas fortes mans tremen,
e plasma

un fermoso coello.

Eu gardo todos eses coellos nun sombreiro.
E cando estou só, na noite,
déixooos choutarme sobre as fazulas.

BO DÍA, PERTENZO A “LUMEN” —SERVIZO DE ASESORAMENTO ADMINISTRATIVO PARA COLEXIOS PRIVADOS—

pero o requisito para ser porteiro
nun colexio privado
é saber dicir
volva máis tarde,
malia que máis tarde chegue o verán
co seu receso escolar.

Distráime estudando pernas femininas
e xa fai novembro no asfalto
e prendo un cigarro.

BOS DÍAS, PERTENZO A LUMEN

distráime estudando un bingo en construción
con obreiros de cascos numerados

54 manexa a escavadora
e 8
guíndalle xogas a un cadelo
que xa se achega ao churrasco

BO DÍA,

&

Xogar a
LOTO
FANTASÍA 5
QUINI 6
BURROS
QUINIELA NACIONAL E/OU PROVINCIAL
LOTARÍA NACIONAL E/OU PROVINCIAIS
PRODE
SORTEO DE NADAL
SORTEO DE ANINOVO
SORTEO DE REIS
SORTEO DE PRIMAVERA
SÚBITO
EFETÉ
SAFÉ
CASH
LA VAQUITA
SÚPER 7
RULETA
BARALLA
DADOS
provoca vertixe.

Xogar e gañar
ocorreume hai anos.

Tirei tres tiros,
prendín tres luces,
gañei unha gravata.

&

A CNN informa aos terrícolas famentos
que mañá remata o prazo
para falecer,
de acordo á cifra calculada
e anunciada
a principios do presente ano.
Ante posibles desaxustes
confíase na responsabilidade estatística
de todos os involucrados.

CNN.
Any time. All the time.

A BÓLA DE GRAXA

Xaneiro en Bos Aires
é unha merda.

Pero é dobremente merda
se un traballa.

Decidín refrescarme con cervexa.

O gordo da rexistradora,
sen se mover,
ceibaba nubes de vapor ao firmamento

e tiña, como extremidades,
á súa filla, duns doce anos,
alá
na cafeteira.

Teño a ocorrencia de que a moza tropezou
e foi por iso
que a quince centímetros do mostrador
a miña botella se esnaquizou.

O obeso
chamouna polo nome,
e sen baixar da butaca
estampoulle unha labazada.
Outra máis para compensar.

As extremidades do porco

chorando (non suando)
achegáronme
unha nova botella destapada.

Paguei,
deille un grolo
e dende onde estaba fixen chegar
un lapo
a xeito de enxaugue bucal
nos fociños da bóla de graxa.

Na rúa
o repoñedor dun supermercado
collendo pulo co pé
procuraba o vento

a través da carga de caixas
lin na súa camisola
“*Born to win*”.

Soltei unha gargallada.

&

SLOGAN DO ÉXITO? “Deixa que a túa papila decida”

&

Albisco unha putiña
de mini-shorts e top
que coñezo
que está de noiva hai meses
que o noivo vai de viaxe
e que non está tan boa
pero que está boa
con mini-shorts e top
bailando soa
menéase febril
quecendo a cinco tipos
que a sobrevoan
e que rexeita
un a un
porque ela baila
cunha amiga
que tamén coñezo
destinada a exaltala
a ser partenaire
dama de compañía

de sábados históricos
ata as 6:00
hora de partiren
inmaculadas.

&

Nunca estivera en Brasil
e sempre me falaron marabillas.
Así que gastei o último en
“Orgia Carioca”
e con habilidade busquei unha butaca seca.

Aínda que cheguei tarde
e non estaba subtitulada,
dende un primeiro momento
o clima tropical sentoume tan ben
que empecei.

Culpei os actores
sendo moi inxusto
porque as interpretacións eran boas

pero de inmediato comprendín
que me desconcentraban os ronquidos de atrás.

Foi grata, ao volver,
a benvinda do meu almanaque
papel satinado cor.

Non che hai como as arxentinas.

&

Farto das pregarías
da miña Olivetti -lettera 32-
o Diaño
irrompeu no cuarto:

- Supoño que como artista vostede xa coñece a dinámica do asunto.
- Coido que si.
- Pois ben, se o seu problema é de sona, cubra o seguinte formulario.
- Non, non. É de cartos.
- Ah! Abofé que é un Artista. Formulario T5 daquela... e con lapis, por favor.
- Desculpe, mais en Gastos Desexados hai pouco espazo.
- Poña “fondue de queixo” e eu xa vou saber.
- O que pasa é que tamén quereda unha axudiña para os meus amigos.
- Non vai ser necesario, en canto se mude a un chalé vains esquecer.

—Mire que ter, téñolle moi boa memoria...
—Acougue, os cartos vanlla adormecer. Asegúrollo.
—Pero teño entendido que a memoria esperta polas noites baixo a forma de pesadelos.
—Nese caso, o formulario T5 contempla gastos adicionais por analista ou psiquiatra.
—Perfecto.
—Asine aquí.
—A partir do momento de morrer a miña alma pertécelle, ou vou primeiro para o Xuízo Final?
—Abonda de bromas. Paga con DINER'S ou con AMERICAN?

Fartos dos laios
da miña Olivetti -lettera 32-
o Diaño
volveu á súa estancia.

SISTEMA LABORAL COREANO

Renovándose tres veces o contrato
pasas a ser efectivo
da Gran Familia, S.A.

Tres contratos. Imposible.

*cago en todo
*rompo algo
*volvo á botella

Ás veces abráianme as excepcións.
É unha mañá tan fermosa

un camión
sácalle música aos lastros,
e o tipo do volante
bérralle vamos Racing
a un rapazolo vestido de azulgrana

acabo de descubrir que a planta do teito
bota unha flor ordinaria e violeta.

É estraño sentirse ben.
Pero coido que
despois de todo
un tamén ten dereito.

TORTA DA SELVA NEGRA

4 xemas
¼ quilo de azucre
50 g de manteiga
150 g de chocolate
1 cunca e ½ de fariña
Unha pisca de bicarbonato
½ cunca de leite
4 claras a punto de neve

Bater as xemas ata case crema.
Engadir o chocolate derretido
con manteiga,
logo fariña e bicarbonato
alternando co leite,
para engadir
por último
as claras a punto de neve.

Verter todo
nun molde enmanteigado
e enfariñado.

FORNO MODERADO
(40' aprox.)

Cereixas ao marasquino
e nata montada
en capas intermedias
e como cobertura,

ad libitum.

&

CAPITÁN SÚPER RÁPIDO
sae co seu foguete de uso persoal
rumbo á galaxia Alfa,
deixando tras de si
a nave nai
e a Evelyn Lanterna,
a súa inseparable amiga.

A velocidade cruceiro
CAPITÁN SÚPER RÁPIDO
é absorbido
por un campo radiotelefonoenerxético
tendido por CIRIAC, O DENSO
na ruta obrigada de todos os viaxeiros,
para sermos máis exactos
entre o planeta Arg
e o satélite polar Nko.

É aí
onde sosteñen a seguinte conversa reveladora:
—Outra vez ti, CIRIAC?
—Hahahaha...! Si, son eu: CIRIAC, O DENSO.
—Dime, CIRIAC, por que o fas?
—Para atopar novas respostas
aos mesmos interrogantes de sempre.
—...?

PRÓLOGO

O editor felicítoume
por estes “fragmentiños”
e propúxome utilízalos
en función dunha historia
intelixible.

Contesteille
que se quería unha película
me financiase os estudos en Cinecittá
e se quería un escritor
que procurase outro.

&

DICCIÓN: A COMUNICACIÓN VISUAL É SÓ A PRIMEIRA IMPRESIÓN QUE
VOSTEDE REFLECTE. A SÚA DICCIÓN É O SELO DA SÚA IMAXE. DEBE
VOSTEDE MODULAR CON COIDADADO PERO SEN AFECTACIÓN.

&

Entre a auga estancada
vexo asomar unha chave.

Tiro cara arriba
e pesa
e escoa
unha impresionante concatenación
de moitos aros
atravesando
moitas chaves.

Comezo a contalas, aloulado
Son exactamente trinta e oito
Trinta e oito.
Recóntoas para me convencer
e son vinte e seis,
cóntoas paseniño
e sonche cincuenta e dúas.

De armarios
de arquivos
de portas
de portóns
de escritorios
de cadeados de teléfonos

de cadeados de baúis

de dentaduras varias
de tempos diversos
de materiais disímiles.

Non collen no meu puño
e nin unha soa
igual a outra.

En museos dadaístas
sería unha escultura prezada,
pero éche un monllo de chaves
no sumidoiro
desta cidade
durmida.

Olo en redor,
a todas as soleiras.
Teño moito medo.

VIRTUOSO, NIÁGARA, TARQUINO

Sobre a mesiña de luz
“Virtuoso” (A. Angus)
“Niágara” (Hereford)
“Tarquino” (Shorton)
fítanme inconmovibles:
son os primeiros sementais
que pisaron estas terras.
Simbolizan na etiqueta
unha homenaxe
a todos os gandeiros arxentinos.
“The Breeder’s Choice”
o whisky dos criadores
para os criadores.

RICHELIEU

Ao comezar os vómitos e a diarrea
prohibinlle os caramelos e mais o alcol,
pero cando comezou coas convulsións
acudín estarrecido de culpa
ao veterinario.

Diagnosticou intoxicación
a raíz da inxestión dunha cascuda.

Entón apoiei e miña fronte
onda os seus bigotes
e bisbeille en francés

que é moi común
confundir cascudas con caramelos

só que a Súa Excelencia é cativo de máis
para se permitir tales erros
fatais
ou case
oxalá que non

S/T

Coñezo un fulano que para se inspirar
e pintar
ten que frecuentar os metros.

Logo volve á bufarda.
Admiroo porque os seus cadros
son moi bos,
envéxoo porque o manteñen.

Desexo
que continúe dedicándose ao seu.

Os que enchen os metros
(na súa meirande parte)
carecen de bufardas
ou de cartos para mercaren cadros

mais respectan os pintores MODERNOS
porque non os entenden.

&

Unha gorda.
Unha xenuína gorda
de corenta anos
espernexada na miña cama.

Contempleina
no seu esplendor todo
baixo a tenue luz
da fiestra sucia.

Evoquei un cadro de Renoir,
mais nin sequera Renoir
me estimulaba.
Ás veces cuestiono
o sentido
destes experimentos

moitas máis veces
acúsome
polas miñas limitacións estéticas.

&

Na Galería de Arte
os mozos serviron
billetes verdes
con cobertura de talento.

—E de beber? Champagne?
—Si, champaña.

1981 ou “O NENO, A ESCOLA E O EXÉRCITO”

O único certame literario
que gañei na vida
significou
ter que me erguer ás seis da mañá
para viaxar
ata un cuarto
onde agardei tres horas
a orde de subir
ao Palco
co obxectivo de:
presenciar un desfile
que rematou co Himno
e con dous discursos
e mais un beixiño aos Xenerais
e aos Curas

e ás Mestras
que en voz baixa comentaban
que, por motivos orzamentarios,
“...suspenderon o petisco...”

RICHELIEU- SEGUNDA PARTE

Nin Camus
Nin Lennon
Nin Kubrick
Nin Ninguén
Foi quen de impedir os 100.000 iraquíes
e 192 norteamericanos
desta recente e artística
liorta rexional.

Como ía impedir
a morte do meu gato?

SLOGAN DO ÉXITO? “Deixa que a túa papila decida”

&

Regaleille aquel póster en aerógrafo
de dúas belezas
bicándose
ante unha selva con fervenza e lenda
“Ti...
cal primavera”

arrubiou
e díxome que me quería
como a un amigo
 que tiña noivo
e que eu ben o sabía
 pero que aceptaba
tomar algo fresco na casa
e parolar.

Logo do primeiro ferrete
botou un peido sobre as miñas coxas,
acompañándoo
dunha risiña maliciosa.
A coca-cola produce gases.
Retruqueille
cunha salva de tres canonazos.

Mandoume un sopapo e saltou da cama,
levantei
e espeteille unha labazada

e comecei a violala
mentres me chantaba as unllas
e logo a pelve
en movementos rítmicos
arfando no oído
“fai-me así”
“re-síntote dentro”
“ámote”

As occidentais e cristiás
son algo máis ca un corpo feitiño.

S! BLOOPERS! BLOOPERS! BLOOPERS! BLOOPER

O sacerdote que bendí a unión
é novo e chispante.
As tías soan o nariz.
A noiva vai moi sinxeliña.

Entre os cen convidados
á longa mesa
vemos tamén un ancián
que se deixa caer sobre a torta.

Noventa e nove convidados
arremuíñanse en torno ao vello
morado
que, nun estertor final,
vomita crema

BLOOP!

Era un coñecido do barrio
(con convite ao brinde)
acompañado pola súa filla
(sen convite ao brinde).

A filla chora os sete chorares.
A noiva os sete chorares chora.
O sacerdote outórgalle a extrema unción.
E un médico suxire levaren o corpo ao garaxe.

Agora,
o silencio
é total.

Aló lonxe pasan camións.

Alguén comenta algo.
Alguén contesta.

Alguén estira a man e toma un canapé.
Alguén pensa que todo é moi inxusto
 para o flamante matrimonio.
Alguén sérvese viño.
Alguén pon música a todo volume.
Alguén aplaude e berra: “Alegría! Alegría!”

Algúns marchan
pero o resto comeza a bailar a tarantela.

OOPERS! BLOOPERS! BLOOPERS! BLOOPERS! BL

&

Á volta do cortello
onde vivo
hai un bar.
Ao que non vou máis.
Dende que os que bebían comigo
e o dono,
que xamais bebía,
e o mozo da limpeza,
que rara vez bebía,
intentaron facerme comprender que
—se ben todos son corruptos—
os militares, polo menos,
deixan obras
como as autoestradas
ou os campos de fútbol.

A dous bloques do cortello
onde vivo
hai outro bar.
Sempre sento ao fondo
só
do lado da fiestra.

PERSONALIDADE: DUNHA PROMOTORA ESPÉRASE UNHA
PERSONALIDADE AGRESIVA, PERO ISTO NON SIGNIFICA BATER OU
VOCEAR O SEU PRODUTO. ABONDA UN EQUILIBRIO ENTRE O QUE
VOSTEDE DI E O QUE O CONSUMIDOR ACABE OPINANDO.

&

As paredes do pavillón
están forradas con follas
de computadora.

Metros e metros
c a d r a d o s
d e n o m e s.
Eu son 21.071.680
e non 21.072.680

Atopo a 21.072.680
que me andaba a buscar con desesperación
no Centro de Cómputos.

Logo de REIDENTIFICÁRMONOS
(un trámite de catro horas)
coméntolle:
—Nunca me vira tan alto.

E el:
—Nunca me vira tan insignificante.

Insulteino
convencido
de que Gulliver e IBM
teñen unha visión ridícula do problema.

&

Quen profesan
que a ecuación
traballo = benestar
está vixente
son aqueles
que lle esixirían

sobriedade a Dióxenes
sensatez a Copérnico
puntualidade a Miguel Anxo
currículo a Mozart
boa presenza a Cyrano
o virgo a Xoana de Arco

outorgándolle como remate
o emprego a Felipe II.

Evito o século XIX
(e nin falar do XX)
para demostrar
o que será lóxico no XXII,
aínda que demasiado tarde.

&

O bicho nocturno
ingresou pola fiestra da facultade.
O tamaño total do insecto
é comparable á cabeza dun cravo.

Sen se decatar,
un estudante dialéctico
chántalle o cóbado enriba.

Ante un auditorio de trescentas persoas,
con arroutados movementos,
o bicho nocturno
esmorece.

Pasa onda o pé
dun católico racionalista,
lector entusiasta do horóscopo dominical

chega ao pupitre
dun existencialista
que non deu cartos para a folga ferroviaria

fai unha cabriola
sobre unha cosmetóloga
extenuada de apuntar todo canto escoita

e cae de novo.

A piques de expirar,
o Bicho Nocturno
remonta o voo
rumbo á fiestra.

&

A profesora de Antropoloxía Sistemática I
sempre me puxo a cen.

Por fortuna,
os ianquis
decidiran democratizar Panamá.
Un simple operativo cirúrxico.

Daquela foi que me atrevín
a convidala
a queimarmos unha bandeira,
xuntos,
na Grande Marcha
de Rexeitamento
de Solidariedade Latinoamericana
de 45 persoas.

Aceptou,
se me sumaba á súa columna cristián-marxista.

Detrás de nós viña
a columna testemuña de Xehová-trotskyista
diante
a columna católico-comunista
e polas beirarrúas
algúns agnóstico-independentes.

os do Partido Obreiro deben de ser os cuáqueros.

E eu
a esculcar o seu cu
dei a volta olímpica ao obeslico
repartín impresos convocando a un Paro Nacional
(ata o retiro do derradeiro marine)
debatín apaixonado no café,
paguei ambos os dous cafés,
boteille un ferrete que lle daría envexa
ao Che Guevara

tiven que escoitala cantar o Unicornio.

Decidín perder o cuadrimestre.

&

o televisor cor stereo
o centro musical con compact-disc
o video cassette
o ordenador e a impresora
a neveira
a videocámara
a sandwicheira
a torradora para rebandas de tamaño variable

o procesador de alimentos
a cafeteira eléctrica
o lavalouza
as tixolas de teflón
a aspiradora
a bañeira con hidromasaxe
a secadora centrífuga
o forno microondas
a calculadora financeira

OS OLLOS

Un veciño ao que trataba con simpatía
a causa do seu conxelador
tiña tamén
empregada doméstica.

Dezasete anos
Catamarqueña
Ben de tetas
Mal de cu
Mal de pernas
Ben de tetas

Deixeille o número do cuarto
para que realizase unha visita hixiénica.
Sen ver un peso.
Realizouna.
Moi ben de tetas.

Cando busquei cigarros na súa carteira
atopei unha estampa de San Caetano.
Non fun quen de evitar sorrir.

Ela con voz moi doce murmurou:
—É lindo crer en algo.

Mireina aos ollos
e dixen:
—É certo.

SLOGAN DO ÉXITO? “Deixa que a túa papila decida”

&

Escollo camisa verde oliva

que subtraín do rexemento.

Mesmo se parece ás que venden por moreas de cartos
nos negocios iluminados con haló xenos.

Convido ás mozas a desfilaren comigo
mais parece que a elas non lles parece
que a miña camisa se pareza.

COLORADO NON É VERMELLO

En setembro do 62
ti non estabas
pero os militares si
e nestas latitudes aburridas
dividiran en azuis e colorados

aínda que Isabel
para chegar ao seu traballo
collese fronte ao manicomio
un autobús
todas as mañás
o tolo
saudábaa
se Isabel
lle alcanzaba
cigarros

pero os colorados
baixaban dende o norte
para acabaren cos azuis
que subían dende o sur
para acabaren cos colorados
que baixaban dende o norte
para acabaren cos azuis
que subían dende o sur

ata o manicomio

onde o tolo
saíu saudar
cun ouriñal de COR na cabeza.

Os azuis abriron fogo
porque aí se agocharan
os colorados
que abriron fogo polas dúbidas.

O tolo non fumou máis.

Isabel xamais volveu ser saudada.
Os azuis e os colorados amigáronse.

TODOS OS WALKMANS O WALKMAN

O walkman interfere
en cada boca de rúa
a todo volume
nos oídos dun oficinista
que toquenea durmido
no asento a carón
a A.M. vaticina
50 anos para o colapso ecolóxico
e forever young I want to be
na F.M.
pola boca da rúa
albisco
rzzzc tsccl tsccl
e o oficinista
a babexar na gravata
durante o walkman
carón vaticina
de toquenea
young

&

Na revista
“Imaxinando o 2000”
había uns debuxos
futuristas
de urbes
hiper-tecnolóxicas
ultra-confortables.

Imaxinando o 2000
intento afacerme
ao escafandro
para non contraer
SIDA.

O PARAÍSO

Na porta do meu hotel,
durmindo,
un cativo obstruía o paso.
Ía tal frío que se mexara por riba.

Esperteino,
deille mate cocido
e deixeino durmir no chan
con dúas mantas.

Pavlov tiña razón:
á noite seguinte volveu por máis mate cocido
cometendo un grave erro
de 7 (sete) irmáns.

Observei aquela recua de xente
e mandeinos á merda.

&

Toshiro argumentou
que, se ben este non é un bo mundo,
é o mellor dos posibles,
o seu irmán Mishima
asentiu con leve reverencia;
e Keiko, a nai,
dando gráciles chimpiños
foi preparar té.

Saquei o lapis
e debuxei sobre o mantel
un fungo atómico.

Supoño que Mishima
contivo unha patada,
porque ofuscado explicoume que a bomba
...SALVÁRAOS
DO FRACASO ECONÓMICO.

Foi entón que as brétemas da miña mente se disiparon
como a brétema do lago se disipa
cando xorde o sol nacente.

CUESTIONARIO-MODELO PARA O SEU EXAME-TEÓRICO

1. P. Que significado ten a luz verde?
R. Que podo avanzar libremente.
2. P. Está permitido ceder a licenza para que conduza outra persoa?
R. Non.
3. P. Nos cruces con rúas peonís,
quen ten a prioridade de paso?
R. O peón.
4. P. Xunta que beirarrúa debe estacionar?
R. Xunta a dereita.

5. P. Están permitida as luces longas na cidade?
R. Non.
6. P. Cal é a Única Verdadeira Igrexa?
R. A Católica, Apostólica e Romana.
7. P. Por onde se circula?
R. Pola dereita.
8. P. Por onde se adianta outro vehículo?
R. Pola esquerda.
9. P. Está permitido virar á esquerda nunha avenida?
R. Non.

DEBE DEIXARSE PASO LIBRE A
Ambulancias, Bombeiros e Vehículos Policiais.

&

ELA

por fin,
ELA

ELA en CINEMASCOPE
ELA entre 300 gatos persas
ELA escoltada por unha flota de cepelíns

Achégome e propóñolle que non tome ese tren,
porque dende hai máis de trinta anos
en Llavallol
vive a miña tía.
A miña tía é unha estupenda cociñeira.

ELA ri dende as alturas
(e que ben ri)
e confésame que o seu amor agarda por ela en Claypole.

Cústame arrepoñerme,
pero con voz segura
desenvolvo unha teoría
sobre a falacia do amor.

O tren chega.

ELA dime que compartía eses grises pensamentos
ata que se namorou da súa mellor amiga
que é unha estupenda cociñeira.

Chega o meu tren.

Correndo á desesperada

pola ponte que conecta as plataformas,
penso que nunca participei
nun ménage-à-trois.

O tren a Claypole
ponse en movemento
e entre a concorrencia,
a través das xanelas,
enxérgoa
e ELA a min.

Volve rir,
chucha o dedo medio
e amósamo.

Ámoa.

OBXECTIVO DO TRABALLO

- a) Facer degustar o produto á maior cantidade posible de xente
- b) Mentres as papilas do consumidor están absorbendo o produto, pronuncie con F.A.M.P (Forte Actitude Moral Positiva) o SLOGAN DO ÉXITO.
- c) Logo de b, procurar que o potencial comprador leve ao seu fogar, como mínimo, dous tetra-bricks.

&

Dicir que un vive desacougado,
logo de tanta catástrofe,
resulta cándido.

Dicir que un vive ao bordo do suicidio,
redundante.

Dicir que un acubilla esperanzas
(fóra da vaidade persoal),
esaxerado.

Nesta tesitura,
dicir algo
resulta pouco menos que accesorio.

Hoxe,
por fortuna,
dicir dicir
resultoume indispensable.

&

PRESENZA, PUNTUALIDADE, DICCIÓN, PERSONALIDADE: SON REQUISITOS FUNDAMENTAIS. SABEMOS QUE CERTAS DEFICIENCIAS PÓDENSE CORRIXIR, PERO TODO DEPENDE DO SEU ESPÍRITO DE ENTREGA E PROFESIONALIDADE.

Estabilizantes permitidos.



José Luis Ducid (Buenos Aires, 1969) emigra a España en 1994; publica [*Leche seleccionada adicionada de leche en polvo reconstituida entera pasteurizada homogeneizada*](#) (Tris Tram, Lugo, 1996) e [*TAN GO-gO Tán*](#) (Línea de Fuego, Oviedo, 2000) -libro que inspirou o espectáculo e cassette [*Dial Gotán*](#)-. Cursa estudos na Escola de Imaxe e Son de A Coruña e recibe varios premios como [guionista](#) e [director](#) de curtametraxes. Experimenta tamén no teatro co seu monólogo [*Cómo nacer humano y convertirse en argentino*](#), o vodevil [*Tangura*](#) ou o show semanal [*Aperitivo Kill*](#), entre outras postas en escena.

En 2001 retorna á súa cidade natal; Ángel Sierra inclúeo na antoloxía [*Poemas para cruzar el desierto*](#) (Línea de Fuego, Oviedo, 2004) e froito do reencontro coa Arxentina escribe o libro ilustrado por Gisèle Courtois [*Oh! La.Matria \(Cancionero Patriotero\)*](#) (RCL Río Cultura, Buenos Aires, 2007).

A principios de [2006 regresa a Galicia](#), onde elabora os guións da docuficción *Da Fonte*, do programa de radio en directo [*Operación Fracaso*](#) e do formato televisivo [*U-LA! Radio*](#); en 2009 o pintor Pablo Gallo convócao para [*El libro del voyeur*](#) (Ediciones del Viento, A Coruña, 2010); do mesmo ano data a súa colaboración co artista gráfico Diego Soler, [*ALMAMAQUE*](#) (Dykinson, Madrid, 2010). Difunde en Youtube, en 2013, [*Los muelles*](#) –o seu cuarto CD como [coautor](#) e [intérprete](#)-, así como tamén, en 2014, a compilación de textos e cancións [*Luz Roja -quiño parlante-*](#). Actualmente produce [*OS ABdUCIDOS*](#), proxecto documentado polo fotógrafo Bernardo Villanueva.